

Árbore

Despois de ter descendencia e escribir libros, hoxe toca plantar a árbore para completar a recomendación do profeta Mahoma. Segundo os celtas a miña árbore é a abelaneira, pero elixín unha propia da ría que acolle en Cortegada a maior loureda de Europa. Ten a nobreza no apelido: *laurus nobilis*, inda que só lle chamemos loureiro. Na mitoloxía clásica era unha transformación da ninfa Daphne, salvada polo río Peneo. Apolo cortou ponlas daquela árbore para facerlles coroas triunfais aos vencedores. Tamén se coroaban así aos que obtiñan o título de bacharel, (*baccalaureatus*). As súas follas realzan o sabor da cociña mariñeira. Unha amante da gastronomía non podía esquecer isto.

Lugar

Desde hai 24 anos veño fotografando o mar que quere ser pintor en Setefogas. Prendada da xeiteira, veño escoitalle a súa música de arpa cando a toca o vento. É fermosísima. Este *locus amoenus*, amado pola súa beleza, desde hoxe será tamén amado polo seu simbolismo. Non souben o que quería dicir cando fixen aquel haiku que hoxe quero facer chegar ás vosas mans como recordo:

Tras da xeiteira
colócanse a ilusión
e a fantasía.

Hoxe sei que falaba dun lugar de memoria, dun lugar que me honra por recibilo e a vosoutros por mo dardes. Setefogas é coñecido en Nova Iorque pola obra do pintor Delio Sánchez Lojo, que coñeceu o lugar pola miñas fotografías creativas. Gústame darvos esta nova, hoxe que está el aquí connosco.

Graciñas, Banda de música, mariñeiros da xeiteira, Corporación Municipal, técnicos de Cultura, Che Tembra, pobo de Rianxo e asistentes a este acto... Graciñas AELG.

*Helena Villar Janeiro
Peirao de Setefogas, Rianxo
25 de xuño de 2016*